



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN OBRA "RESTAURACIÓN DO PALCO DA MUSICA DO CANTON DE DIÓMEDES" . SUBSANACIÓN A SOBRE Nº 1 " DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA".

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, ás dez horas e trinta minutos do día 28 de xullo 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

José Angel Fernández Rodríguez, secretario acctal.

Marta Núñez De Miguel, arquitecta municipal, como suplente do arquitecto técnico municipal José Ferreiroa González, por estar de permiso vacacional.

Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada de Facenda e Urbanismo.

Secretaria:

María Jesús Blanco Martínez, funcionaria do concello.

A Mesa de Contratación celebrada o pasado día 20 de xullo 2017 acordou:

"- Excluir á empresa Alcana Viviendas, S.L., con enderezo en Pazos de Reis (Tui), dado que se presentou pola referida empresa os sobres números 1 e 2 o día 07/07/2017, nº RE 6484, estando fora do prazo establecido de presentación de propostas.

Así mesmo, na referida Mesa, á vista da documentación aportada polas empresas e o que se indica no prego de cláusulas administrativas aprobado aos efectos da documentación a aportar no sobre nº 1, acorda formular requirimento de subsanación ás empresas:

-Rocas Graníticas del Condado, S.L. os seguintes aspectos:

- Subsanación na declaración responsable presentada, dado que deberá cubrir o modelo enteiro, cos datos relativos a :

* Especialista en Cerraxería : Falta acreditar, cando menos unha intervención análoga á obra obxecto de licitación, así como a identificación da persoa que vai ser o especialista e cumprimentar tódolos datos que se citan na declaración responsable a estes efectos.

* Especialista en Carpintería: Falta acreditar, cando menos unha intervención análoga á obra obxecto de licitación, así como a identificación da persoa que vai ser o especialista e cumprimentar tódolos datos que se citan na declaración responsable a estes efectos.

-Construcciones Abal, S.A., os seguintes aspectos:

* Especialista en Forxa: Identificación da persoa que vai ser o especialista.

-Gestiones e Inversiones Alper, S.L., os seguintes aspectos:

* Especialista en Forxa/ Cerraxería: Falta a identificación da persoa que vai ser o especialista e cumprimentar tódolos datos que se citan na declaración responsable a estes efectos.

* Especialista en Carpintería: Falta a identificación da persoa que vai ser o especialista e cumprimentar tódolos datos que se citan na declaración responsable a estes efectos.

- Construcción, Edificación y Viales, S.L. (ACEVI) os seguintes aspectos:

- No punto 8 da declaración responsable presentada, non desglosa conforme ao modelo que se inclúe no prego de cláusulas administrativas aprobado, polo que , deberá especificar este apartado conforme á declaración responsable (Anexo II) do prego de cláusulas administrativas."

Neste intre, ás dez horas e corenta minutos auséntase a concelleira de Urbanismo e Facenda Yolanda Rodríguez Rodríguez.

Realizados os requirimentos de subsanación de documentación, presentan as seguintes empresas:

- Rocas Graníticas del Condado, S.L., Nº de Rexistro 2017-E-RE-55 de 17/08/2017.
- Construcciones Abal, S.A., Nº de Rexistro 2017-E-RE 41 de 26/07/2017.
- Gestiones e Inversiones Alper, S.L., Rexistro de Entrada 2017-E-RC-7789 de 23/08/2017.

- Non presenta a empresa Actividades de Construcción, Edificación y Viales, S.L. (ACEVI).

A continuación e á vista a documentación aportada polas empresas citadas anteriormente, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes, **acorda**:

Primeiro.- Excluir á empresa Actividades de Construcción, Edificación y Viales (ACEVI) , con enderezo en rúa Alameda nº 16 - Entrepanta 2, 36001 Pontevedra, correo electrónico: acevi@acevi.net, , dado que non presentou documentación requirida.

Segundo.- Excluir á empresa Rocas Graníticas del Condado, S.L., con enderezo en Polígono Industrial Can da Ponte, Parcela 2-4, 36450 Salvaterra de Miño, correo electrónico: rocas@rocasgraniticas.com, dado que a declaración responsable presentada aos efectos de subsanación non cumpre co requirimento efectuado no relativo a que **non se identifica a persoa** que vai ser o especialista no relativo aos traballos de fundición e forxa artística, se cita a empresa, e non se cita o operario especializado.

Terceiro.- Á vista do indicado anteriormente, declarar admitidos á licitación aos seguintes licitadores:

- Construcciones Mascareñas e Hijos, S.A, con enderezo en rúa Florentino López Cuevillas, nº6, local nº 2, 32003 Ourense. Correo electrónico: construcciones@mascarenasehijos.es.

- Construcciones Abal, S.A., con enderezo en Mosteiro, s/n, 36637 Meis - Pontevedra. Correo electrónico: abal@construccionesabal.com.

- Gestiones e Inversiones Alper, S.L, con enderezo en rúa Tomás Alonso, 160. ofic. 4, 2ª, 36208 Vigo. Correo electrónico: gestinvalper@hotmail.com.

De seguido, ás dez horas e corenta e seis minutos, remata este acto, do que eu, secretaria, certifico.
Documento asinado dixitalmente ao marxe.